



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



CMUS
PROFESIONAL
DA CORUÑA

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Modelo MD85PRO01

**Programación de Historia da Música
(4º e 5º de Grao Profesional)**



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	4
2	OBXECTIVOS DAS ENSIANZAS	5
	2.1. Obxectivos xerais do grado profesional.....	5
	2.2. Obxectivos específicos da materia	6
3	RECURSOS DIDÁCTICOS E METODOLOXÍA	6
	3.1 Liñas metodolóxicas	
	3.2 Principios metodolóxicos	
	3.3 Estratexias metodolóxicas	
4	ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	8
5	TEMAS TRANSVERSAIS	10
6	ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN	11
7	PROCEDEMENTOS DA AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	11
8	PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO	12
9	SECUENCIACIÓN POR CURSOS	13
	9.1. CURSO : 4º DE GRADO PROFESIONAL.....	13
	9.1.1 OBXECTIVOS	13
	9.1.2 CONTIDOS.....	14
	Contidos xerais	
	Contidos específicos	
	Secuenciación e temporalización dos contidos	
	9.1.3 AVALIACIÓN	16
	CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR TRIMESTRES	
	MÍNIMOS ESIXIBLES	
	PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	
	9.1.4.CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA.....	22
	9.1.5 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN.....	22
	PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN ORDINARIOS	
	PROBAS EXTRAORDINARIAS	



9.2. CURSO : 5º DE GRADO PROFESIONAL.....	24
9.2.1 OBXECTIVOS	25
9.2.2 CONTIDOS.....	25
Contidos xerais	
Contidos específicos	
Secuenciación e temporalización dos contidos	
9.2.3 AVALIACIÓN	28
CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR TRIMESTRES	
MÍNIMOS EXSIXIBLES	
PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	
9.2.4.CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA	
9.2.5 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN	
PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN ORDINARIOS	
PROBAS EXTRAORDINARIAS	
10. MATRÍCULA DE HONRA.....	36
11. PROBAS DE ACCESO	36
PROBA DE ACCESO A 5º CURSO DE GRADO PROFESIONAL (L.O.E.)....	36
PROBA DE ACCESO A 6º CURSO DE GRADO PROFESIONAL (L.O.E.)....	38



1. INTRODUCCIÓN

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen coma finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas no Grao Profesional. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas. Os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música fíxanse no real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro e se definen no marco da nosa comunidade no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.

A presente programación da concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento no Conservatorio Profesional de Música de A Coruña.

O grao profesional ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

A música é un elemento presente dende sempre na cultura humana, constituíndo un dos seus maiores logros intelectuais, de feito, de entre todas as artes, moitos autores coinciden en sinalar que a arte musical é a máis poderosa de todas e a que incide máis directa e fortemente no espírito e alma humana. Polo tanto, a educación musical é un eslabón fundamental dentro da formación do individuo, o cal pode afondar nas posibilidades infinitas do son, desfrutar da interpretación ou facer vibrar o seu ser a través da audición.



2. OBXECTIVOS DAS ENSINANZAS MUSICAIS

2.1. Obxectivos xerais do grado profesional

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música indica no artigo 2º que a súa finalidade é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, ordenándose en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

Esta finalidade acádase ao longo dos seis cursos dos que consta este grado coa consecución dos seguintes obxectivos que aparecen enumerados no artigo 3º do mesmo Decreto

As ensinanzas profesionais de música teñen como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades xerais e os valores cívicos propios do sistema educativo e, ademais, as capacidades seguintes:

- ▣ Habitarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- ▣ Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- ▣ Analizar e valorar a calidade da música.
- ▣ Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
- ▣ Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
- ▣ Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- ▣ Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- ▣ Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.



- ▮ Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

2.2. Obxectivos específicos da materia

De acordo co disposto no Decreto do Grao Profesional, aprobado no Consello da Xunta de Galicia o día 27 de setembro de 2007, a asignatura de Historia da Música no Grao Profesional ha ter como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- ▮ Adquirir o hábito de escoitar música, tanto en soportes gravados como a través da asistencia aos acontecementos musicais presentes no seu entorno, interesándose por ampliar e diversificar as súas preferencias persoais.
- ▮ Captar, a través da audición, as características das correntes estéticas, co fin de situar as obras musicais no tempo e recoñecer o seu estilo.
- ▮ Coñecer e comprender a música de cada época, tendo en conta as relacións cos conceptos estéticos imperantes da cada unha, para poder aplicar as convencións interpretativas ao seu repertorio e desenvolver o seu sentido crítico.
- ▮ Valorar a importancia da música nas sociedades humanas, a través do coñecemento das relacións establecidas ao longo da historia entre a música e o resto das artes, así como dos feitos históricos e os movementos socioculturais máis salientábeis de cada época, con vistas a obter unha visión máis global do fenómeno musical.
- ▮ Reflexionar sobre o fenómeno sonoro como un aspecto máis da conduta humana, íntimamente conectado co proceso histórico en que se encadra en todos os seus aspectos: económicos, sociais e culturais.
- ▮ Respetar e valorar o noso patrimonio musical.
- ▮ Participar na actualidade musical.

3. RECURSOS DIDÁCTICOS E METODOLOXÍA

3.1 Liñas metodolóxicas

A nosa metodoloxía basearase na posta en práctica dunha aprendizaxe significativa, activa, cooperativa e constructivista. O alumnado será en todo momento o centro e o protagonista da súa aprendizaxe, a cal concretarase na audición de pezas musicais, a



análise e a elaboración de pequenas actividades. A nosa metodoloxía será en todo momento flexible, inclusiva e activa e, do mesmo xeito, procurará ser dinámica e integradora, estimulando o diálogo e a participación do alumnado, tamén facilitaremos a aprendizaxe por descubrimento ao integrar as suxerencias dos alumnos e alumnas, para poder adaptarnos mellor ás súas necesidades.

3.2 Principios metodolóxicos

Os principios pedagóxicos son a base na que se debe sustentar a acción educativa. Polo tanto, o noso traballo debe basearse nos seguintes principios:

- ▮ Principio de actividade: mediante o cal o coñecemento non é un proceso pasivo de recepción de información, senón que debe basearse na acción e a interacción co medio
- ▮ Principio de comunicación e diálogo: mediante o cal a ensinanza debe basearse nun proceso de intercambio cultural entre membros dunha comunidade
- ▮ Principio de significación: baseado en partir sempre dos coñecementos que o alumnado ten.
- ▮ Principio de contextualización: o alumnado debe adquirir unha visión multidisciplinar do mundo fronte ás visións unidireccionais e reducionistas
- ▮ Principio de reestruturación o reorganización conceptual, baseado no diálogo, a confrontación de ideas e argumentos e a reestruturación constante do noso pensamento
- ▮ Principio de autonomía, mediante o cal o alumnado rematará por prescindir da axuda do profesorado

3.3 Estratexias metodolóxicas

Tratándose de clases colectivas, recurrirase a diversas técnicas de dinámica de grupos, de xeito que nunha mesma clase se alterne ou se encadee o traballo individual, en



grupo pequeno e grande. Non esquezamos que o alumno é o protagonista da aprendizaxe, e que evoluciona como persoa na colectividade.

Proporanse diferentes traballos como complemento ás clases onde o alumno, de xeito obrigatorio ou opcional, terá unha maior autonomía na elección e elaboración do tema elixido. Con isto, ao mesmo tempo, reforzase o contacto coa realidade fóra do campo académico para integrar o aprendido co ambiente cultural, algo tan necesario e nestes tempos tan cambiante.

Os contidos da programación didáctica traballaránse a partir dunha bibliografía de consulta variada, polo cal non se recomenda un manual de traballo básico. O profesorado da materia achegará ós alumnos uns apuntamentos que sirvan de guía básica para a materia. Así mesmo traballarase con partituras. Igualmente importante será o uso de fontes audiovisuais

No apartado dos recursos audiovisuais, además do aula virtual, dispoñemos na aula dun equipo de son, un reprodutor de DVD's, un televisor e un ordenador, un canón de proxección e unha pizarra dixital.

4. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O alumnado do Conservatorio habitualmente está dentro dun nivel sociocultural e económico medio-alto, cunha gran capacidade de traballo pois ten que compaginar os estudos de música cos de ensinanzas xerais. As motivacións para estudar no Conservatorio son distintas e poden variar conforme se suceden os cursos. Os motivos polos que inician os estudos musicais poden ser: por iniciativa dos pais, por vocación, como actividade de entretemento, por inercia dun grupo de amigos, etc. Entón, teremos un alumnado diferente en canto a motivacións, aptitudes e ritmos de traballo polo que será de vital importancia a atención á diversidade do alumnado para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz.

A vía para o tratamento da diversidade é a Adaptación Curricular, conxunto de



accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado.

Dependendo das circunstancias que se presentan na aula , o profesor poderá plantexar as seguintes estratexias:

- ▮ Adaptacións do material didáctico, que ofrezan unha ampla gama de actividades didácticas que respondan os diferentes graos de aprendizaxe
- ▮ Variacións da metodoloxía, para adaptala ás necesidades de cada alumno
- ▮ Propoñer actividades de traballo diferenciadas. O profesor fará unha análise dos contidos da materia e preparará actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contidos con existencias distintas
- ▮ Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe
- ▮ Acelerar ou frear o ritmo de introducción de novos contidos adaptándose ao alumno individualmente.

A adaptación dos obxetivos e por tanto dos contidos terá que respetar os mínimos esixibles fixados na programación.

Dado que é posible que no grupo de alumnado existan necesidades educativas especiais, temos que considerar na nosa proposta a devandita circunstancia, a través da concepción aberta e flexible da nosa programación didáctica. Non obstante, a administración educativa ten a obriga de dotar dos medios necesarios para estas necesidades específicas poidan ser cubertas con éxito por parte da comunidade educativa. As necesidades específicas poden responder a cuestións de diferente natureza: dificultades de aprendizaxe (dislexias, displaias), dificultades debidas a alteracións da conduta (trastorno de déficit de atención, hiperactividade), necesidades debidas a deficiencias físicas permanente ou temporais, déficit ou superdotación intelectual. Por toda esta variedade as estratexias de actuación deben ser flexibles con respecto a cada caso particular, xa que nunha clase colectiva o tratamento individualizado ás veces faise complexo.

Neste curso estaremos especialmente atentos ás repercusións de todo tipo que pode ter a situación actual, os seus efectos emocionais e as condicións ás que pode levar a todos os implicados.



5. TEMAS TRANSVERSAIS

Os elementos transversais deben ser abordados desde cada unha das diferentes materias que comprenden o currículo das ensinanzas de rexime especial de música, e que nos dan a oportunidade de reflexionar sobre a dimensión máis persoal da educación. Tomando como referencias os elementos transversais presentes no DECRETO 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo de educación secundaria obrigatoria e bacharelato na comunidade autónoma de Galicia, os elementos transversais que debe ter a nosa programación son:

Educación en valores. Historia da Música é unha materia especialmente favorable para o cultivo de valores, non só polo o feito de que sexa unha actividade colectiva, senón pola cantidade de temas relacionados coa materia onde de modo histórico pódense tratar estes valores.

A educación ambiental tratarémola, a través de diferentes contextos que se suceden ao longo do tempo, en canto a concienciación sobre contaminación acústica, e a través da importancia que se lle debe dar ao silencio como marco de calquera actividade.

En canto á **educación para a saúde**, abordarémola a través da óptica de apreciación e valoración do corpo humano e as súas posibilidades de movemento no contexto musical. Ademais, tamén se contempla cómo a música, polos seus compoñentes afectivos, fisiolóxicos e intelectuais, pode incidir no equilibrio persoal e anímico das persoas.

No referente á **educación para a igualdade de xéneros** farase referencia ao longo do desenvolvemento histórico da materia, do papel asignado aos sexos no contexto musical, comparando as diversas situacións históricas coa actualidade.

A educación para a paz e a tolerancia traballarase a partir dos diferentes contextos valorando a diversidade e o respecto polas diferentes manifestacións culturais, incluíndo as relacións que se dan coas cultras da contorna.

Educación cívica e constitucional: o profesorado deberá saber aproveitar os erros e os conflitos derivados da convivencia como oportunidades de aprendizaxe, de forma que potenciemos o diálogo e a búsqueda de solucións por medio da reflexión crítica.



Comprensión Lectora, Expresión Oral e Escrita: na clase de música traballaremos cancións con letras en diversos idiomas. Veremos tamén biografías de compositores, lecturas de diversos pensadores e buscaremos información para a realización de traballos.

Comunicación audiovisual e TICs: Empregaremos na medida do posible: plataformas, bancos de recursos dispoñibles en internet ou materiais en diferentes soportes. Do mesmo xeito, na actualidade existen un sinfín de recursos que poderemos extrapolar ás nosas clases: editores de texto (microsoft office, open office, google drive...), sistemas de almacenamento na nube (google drive, dropbox...), programas de presentación (slideshare, prezi, emaze, powtoon...), editores de partituras (Sibelius, Encore, Finale, Musescore, Noteflight...), tratamento de audio (Audacity, Cubase, Logia Audio Studio...), ferramentas para crear mapas mentais (Cmap Tools, Mindomo...) e moitas outras de diversa índole; webquests, wikis, wix, youtube edu, google académico, hot potatoes, podcast, blogs...

Emprendemento: debemos fomentar a autonomía e o emprendemento do alumnado mediante actividades de análise e realización de traballos individuais dando liberdade para que este exprese as súas inquietudes e desenvolva o seu talento.

6. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN

O docente incitará constantemente ao alumnado a que tome parte na vida cultural tanto do centro como da cidade, pero neste curso isto seguramente producirase en boa medida de xeito telemático.

7. PROCEDIMENTOS DA AVALIACIÓN E SEGIMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Periodicamente revisarase a cantidade de materia impartida e a conveniencia ou non de continuar coa mesma liña metodolóxica ou facer modificacións en función de:

▮ Feedback dos alumnos.



- ▮ Aproveitamento da clase.
- ▮ Nivel de coñecementos previos e adaptación da materia á súa capacidade cognitiva e intereses.
- ▮ Probas de avaliación realizadas.
- ▮ Cuestionario aos alumnos en clase

Segundo o resultado da revisión, programárase a materia que haberá de impartirse ao longo do próximo período.

Ao longo do curso nas reunións do departamento, os profesores revisarán de forma permanente o grao de cumprimento da programación así como os resultados académicos dos alumnos, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos, como as características individuais de cada un dos alumnos para detectar os seus progresos e dificultades.

Prestarase especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer.

O docente informará aos alumnos e aos seus pais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da súa evolución.

Así mesmo, tentarase manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno.

8. PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO.

Nas reunións departamentais, así como nas reunións extraordinarias de persoal, teranse en conta:

- Grao de cumprimento da programación didáctica
- Nivel de participación e asistencia ás clases
- Relación de resultados cuantitativos obtidos a curto prazo
- Número de actividades postas en marcha
- Valoración positiva por parte do profesor
- Grao de eficacia das actividades deseñadas



Despois de cada avaliación trimestral realizaranse estudos dos resultados obtidos, somentendo a debate a posibles liñas de actuación, así como a posibilidade de ofrecer métodos de recuperación alternativos.

En vistas dos resultados obtidos, cada certo tempo pódense prever actuacións escolares e extraescolares específicas que fomenten a consecución de obxectivos marcados polas programacións. A este efecto e necesario reivindicar a necesidade de habilitar un horario no marco lectivo para este tipo de necesidades poderíanse ofertar clases de apoio educativo, así como clases de apoio ao estudo que reforcen certos aspectos que demande o alumnado.

Ao termo das tres avaliacións realizarase unha memoria final na que se faga unha reflexión sobre o grao de cumprimento da programación, así como as actuacións que foron ou que serán precisas para o futuro para o correcto funcionamento do departamento. Adxuntaranse igualmente as porcentaxes de resultados por materias e a relación de actividades paralelas desenvolvidas.

Por outra banda, dentro desta avaliación interna, terase en conta e de forma moi destacada, os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: además de material audiovisual e impreso (partituras, libros de consulta, revistas especializadas), novas tecnoloxías ,orzamento para actividades, cursos, clases maxistras, dispoñibilidade de aulas para clases de apoio, número de profesores axeitado en relación coa demanda, cursos de formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe, flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte dos profesores etc ... En definitiva os medios básicos para alcanzar un ensino profesional de calidade, e que permita aos profesores e alumnos levar a cabo, de forma real os obxectivos que a programación expón soamente de forma teórica.

9. SECUENCIACIÓN POR CURSOS

9.1. CURSO : 4º DE GRADO PROFESIONAL

9.1.1 OBXETIVOS

De acordo co disposto no Decreto do Grao Profesional, aprobado no Consello da Xunta de Galicia o día 27 de setembro de 2007, a asignatura de Historia da Música no Grao Profesional ha ter como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:



- Adquirir o hábito de escoitar música, tanto en soportes gravados como a través da asistencia aos acontecementos musicais presentes no seu entorno, interesándose por ampliar e diversificar as súas preferencias persoais.
- Captar, a través da audición, as características das correntes estéticas, co fin de situar as obras musicais no tempo e recoñecer o seu estilo.
- Coñecer e comprender a música de cada época, tendo en conta as relacións cos conceptos estéticos imperantes da cada unha, para poder aplicar as convencións interpretativas ao seu repertorio e desenvolver o seu sentido crítico.
- Valorar a importancia da música nas sociedades humanas, a través do coñecemento das relacións establecidas ao longo da historia entre a música e o resto das artes, así como dos feitos históricos e os movementos socioculturais máis salientábeis de cada época, con vistas a obter unha visión máis global do fenómeno musical.
- Reflexionar sobre o fenómeno sonoro como un aspecto máis da conduta humana, íntimamente conectado co proceso histórico en que se encadra en todos os seus aspectos: económicos, sociais e culturais.
- Respetar e valorar o noso patrimonio musical.

9.1.2 CONTIDOS

CONTIDOS XERAIS

A música como feito social e cultural.

Introducción ás fontes de información histórica e a súa utilización (recursos bibliográficos, fontes escritas, iconográficas, sonoras, etc.).

A música na cultura occidental: formas e xéneros musicais, períodos, estilos, compositores, instrumentos, etc.

Situación da obra musical no seu contexto social, económico, ideolóxico, histórico e artístico.

A evolución da notación.

Aproximación á organoloxía e á evolución dos instrumentos como condicionantes das posibilidades técnico-interpretativas e da propia composición do repertorio.

Aproximación crítica á periodización da Historia da Música.

Planificación e realización de traballos prácticos de aproximación histórica e análise.



Comentario de texto literario-musical. Audicións analíticas, con ou sen partitura asociada.

Análise iconográfica.

Interés por ampliar e diversificar os gustos musicais.

Actitude aberta e respectuosa ante os gustos e as opinións dos outros.

Emprego dunha terminoloxía técnica e dun vocabulario xeral apropiados.

CONTIDOS ESPECÍFICOS

1. **Presentación da materia. As fontes musicais.**

2. **A situación da música nas postrimerías do mundo antigo:**

A herdanza grega. O sistema musical grego. O pensamento musical. A Igrexa cristiá primitiva.

3. **Canto relixioso e canción profana na Idade Media:**

O canto e a liturxia romana. Clases, formas e tipos de canto relixioso. Modalidade. Audicións posteriores ao canto relixioso. Teoría e práctica musical na Idade Media. A monodia non litúrxica e profana. A lírica galaico-portuguesa. Música instrumental e instrumentos medievais.

4. **Os inicios da polifonía e a música do século XIII:**

Entorno histórico da polifonía primitiva. O organum primitivo. O organum florido. Os modos rítmicos. Organum de Notre-Dame. O conductus polifónico. O motete. A polifonía en España nos séculos XII e XIII.

5. **A música italiana e francesa do século XIV:**

Antecedentes xerais. O Ars Nova en Francia. O Trecento italiano. O Ars Subtilior. Música ficta. Notación. Instrumentos. A polifonía española no século XIV.

6º **Introducción á música do Renacemento**

7º **A música relixiosa do Renacemento**

Características xerais. Os compositores do norte.

8º **Novas correntes:**

O nacemento dos estilos nacionais. O madrigal e outras formas profanas.

9º **A música instrumental no Renacemento.**

10. **Música relixiosa no Renacemento Tardío:**



1. A música da Reforma na Alemania. A música relixiosa da Reforma fóra de Alemania. A Contrarreforma. A Escola Veneciana.

11. Introducción á música do Barroco

12. Música vocal do Barroco temperán e medio:

A ópera temperá. Música de cámara vocal. Música relixiosa.

13. Música instrumental do Barroco temperán e medio:

Música para teclado e outros instrumentos solistas. Música para conxunto.

SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

A continuación aparece desglosada a secuenciación das unidades didácticas ó longo do curso.

PRIMEIRO TRIMESTRE

1. Presentación da materia. As fontes musicais.
2. A situación da música nas postrimerías do mundo antigo.
3. Canto relixioso e canción profana na Idade Media.

SEGUNDO TRIMESTRE

4. Os inicios da polifonía e a música do século XIII.
5. A música italiana e francesa do século XIV

TERCEIRO TRIMESTRE

6. Da Idade Media ao Renacemento: a música inglesa e a Escola Borgoñona do século XIV.
7. A era do Renacemento. De Ockeghem a Josquin.
8. Novas correntes do século XVI.
9. Música relixiosa no Renacemento Tardío.
10. Introducción á música do Barroco.
11. Música vocal do Barroco temperán e medio: a ópera temperá. Música de cámara vocal. Música relixiosa.
12. Música instrumental do Barroco temperán e medio: Música para teclado e outros instrumentos solistas. Música para conxunto.



A avaliación é o conxunto de actividades que teñen como obxectivo a recollida e a análise dos diferentes resultados educativos que se derivan da actuación docente durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Este procedemento permítenos avaliar a realidade da nosa aula e tomar as decisións oportunas nos diferentes momentos, de forma que podamos adaptarnos mellor ás necesidades do alumnado. A avaliación debe responder ao para que, o como, o que e o cando do proceso educativo. Así, este proceso permite garantir unha boa calidade educativa, pois os docentes podemos detectar casos de problemas de aprendizaxe e realizar concrecións curriculares que permitan a superación dos mesmos.

No noso centro a avaliación farase seguindo, en todo momento, os resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación presentes no DECRETO 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.

CRITERIOS DE EVALUACIÓN POR TRIMESTRES

Ao cabo de cada trimestre realizarase ao menos unha proba – oral ou escrita – na que se poida avaliar obxectivamente o resultado final do proceso. Na proba, o alumno deberá demostrar dominar os contidos desta materia, os seus aspectos nocionais (periodización, principais épocas e escolas, e compositores estudados) e conceptuais (comprensión dos procesos que subxacen á evolución histórica), así como as habilidades procedimentais relacionadas co recoñecemento e clasificación das obras e a redacción de comentarios histórico-críticos sobre o repertorio.

Os criterios de avaliación para cada un dos trimestres serán os seguintes:

Primeiro trimestre

- ▮ Identificar a través da audición de obras dende a Antigüidade ata a Idade Media as súas características máis salientábeis. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar o carácter, o xénero, a estrutura formal e os trazos estilísticos máis importantes das obras escoitadas.
- ▮ Ser capaz de comentar exemplos iconográficos representativos dende a Antigüidade ata a Idade Media con referencias musicais. Este criterio avalía a capacidade do



alumnado para establecer conclusións de tipo sociolóxico ante fontes de signo visual.

- ▮ Estar capacitado para realizar comentarios de texto relativos á materia que abrangue dende a Antigüidade á Idade Media, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo. Este criterio avalía a capacidade dos alumnos e alumnas para captar e describir as ideas plasmadas polo autor, e de relacionalas coas correntes estilísticas dunha época concreta.
- ▮ Poder relacionar a historia da música con outros aspectos da cultura e do pensamento dende a Antigüidade á Idade Media. Este criterio avalía a evolución do pensamento crítico do alumnado, no referente á súa capacidade de valoración das etapas da historia da música, no global, ou de determinados autores e obras, no particular, dentro de contexto social e cultural en que se produciron.
- ▮ Ter autonomía para poder realizar traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñíbeis de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas. Este criterio valorará en qué medida o alumnado é quen de propor e realizar en termos aceptábeis, un traballo individual ou en grupo, que obrigue a manexar as fontes sonoras ou escritas, considerando como máis importante o rigor e a aplicación das técnicas de investigación aprendidas máis que a relevancia ou oportunidade da temática.

Segundo trimestre

- ▮ Identificar a través da audición obras dende a creación da polifonía medieval ata o século XV para identificar as seus rasgos máis salientabéis. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar o carácter, o xénero, a estrutura formal e os trazos estilísticos máis importantes das obras escoitadas.
- ▮ Ser capaz de comentar exemplos iconográficos representativos dende a creación da polifonía medieval ata o século XV con referencias musicais. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para establecer conclusións de tipo sociolóxico ante fontes de signo visual.
- ▮ Estar capacitado para realizar comentarios de texto relativos á materia que abrangue dende a creación da polifonía medieval ata o século XV, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo. Este criterio avalía a capacidade dos alumnos e alumnas para captar e describir as ideas plasmadas polo autor, e de relacionalas coas correntes estilísticas dunha época concreta.



- ▮ Poder relacionar a historia da música con outros aspectos da cultura e do pensamento dende a creación da polifonía medieval ata o século XV. Este criterio avalía a evolución do pensamento crítico do alumnado, no referente á súa capacidade de valoración das etapas da historia da música, no global, ou de determinados autores e obras, no particular, dentro de contexto social e cultural en que se produciron.
- ▮ Ter autonomía para poder realizar traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñíbeis de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas. Este criterio valorará en qué medida o alumnado é quen de de propor e realizar en termos aceptábeis, un traballo individual ou en grupo, que obrigue a manexar as fontes sonoras ou escritas, considerando como como máis importante o rigor e a aplicación das técnicas de investigación aprendidas máis que a relevancia ou oportunidade da temática.

Terceiro trimestre

- ▮ Identificar a través da audición obras da época dos séculos XVI e XVII para identificar as seus rasgos máis salientabéis. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar o carácter, o xénero, a estrutura formal e os trazos estilísticos máis importantes das obras escoitadas.
- ▮ Ser capaz de comentar exemplos iconográficos representativos do século XVI e XVII con referencias musicais. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para establecer conclusións de tipo sociolóxico ante fontes de signo visual.
- ▮ Estar capacitado para realizar comentarios de texto relativos á materia que abrangue do século XVI e e XVII, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo. Este criterio avalía a capacidade dos alumnos e alumnas para captar e describir as ideas plasmadas polo autor, e de relacionalas coas correntes estilísticas dunha época concreta.
- ▮ Poder relacionar a historia da música con outros aspectos da cultura e do pensamento do século XVI e e XVII. Este criterio avalía a evolución do pensamento crítico do alumnado, no referente á súa capacidade de valoración das etapas da historia da música, no global, ou de determinados autores e obras, no particular, dentro de contexto social e cultural en que se produciron.
- ▮ Ter autonomía para poder realizar traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñíbeis de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas. Este criterio valorará en qué medida o alumnado é quen de de propor e realizar en termos aceptábeis, un traballo



individual ou en grupo, que obrigue a manexar as fontes sonoras ou escritas, considerando como máis importante o rigor e a aplicación das técnicas de investigación aprendidas máis que a relevancia ou oportunidade da temática.

MÍNIMOS ESIXIBLES

Realizar unha proba escrita e/ou oral sobre os contidos do 4º curso de Historia da Música, tal e como se contempla nos procedementos de avaliación, da presente programación, debendo obter como mínimo unha cualificación igual ou superior a **5** cos seguintes mínimos:

- ▮ Coñecemento de, polo menos, tres características en relación ao contexto histórico no que se producen as diferentes obras musicais.
- ▮ Ubicación e coñecemento dos compositores máis relevantes en relación ao seu período histórico correspondente.
- ▮ Identificación, a partir da audición, de como mínimo dúas características musicais e dúas características formais sinalando o período histórico ao que pertence a obra musical.
- ▮ Análise de tres parámetros musicais de cada unha das obras estudadas amosando o coñecemento do vocabulario musical específico.

PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

Dentro dos procedementos de avaliación haberá dous tipos igualmente importantes: a avaliación do alumnado e a avaliación do funcionamento da programación.

1. Avaliación do alumnado

1.1 A avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante nas primeiras semanas do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:



- Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas noutros contextos educativos
- Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.
- Tamén trataremos de detectar o grao de interese previo dos alumnos á materia, así como o grao de coñecemento da materia por cada alumno.
- Independentemente de que as clases comecen de xeito presencial, estableceremos tamén contacto telemático, co fin de avaliar as posibles dificultades no caso dalgún alumno en particular, e como forma de activar a comunicación a través doutras canles no caso de que sexa necesario cambiar a outros formatos de actividade lectiva.

1.2. Avaliación formativa

- ▣ Avaliaremos oralmente o proceso de aprendizaxe do alumnado para detectar os seus progresos e dificultades, podendo realizar unha atención individualizada en casos concretos.
- ▣ Realizaremos observacións sistemáticas, que permitirán valorar a evolución do proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- ▣ Realizaremos exercicios e actividades na aula, que permitan ao alumnado ir afianzando os contidos conceptuais e procedimentais (comentarios de texto, de partituras e de audicións).

1.3. Avaliación final

A asistencia ás clases presenciais é obrigatoria, polo que a avaliación do proceso de aprendizaxe será continua, o que implica que a nota final do alumno ou alumna vai a depender de diversos parámetros:

- Probas escritas ou orais trimestrais, coas súas respectivas recuperacións despois da avaliación. Sempre constarán tanto de parte teórica como práctica debendo obter como mínimo unha cualificación igual ou superior a **5** (60% na puntuación global).
- Exercicios escritos e orais realizados na clase, ou na casa, para fixar contidos teóricos e prácticos: comentarios de textos, imaxes, partituras, audicións, cuestionarios sobre lecturas específicas, etc. (30%).
- Amosar uns adecuados hábitos de traballo nas sesións presenciais (10%).



- A nota final da materia será o resultado da media obtida das cualificacións de cada un dos trimestres, sendo indispensable ter unha nota mínima de 5 en cada avaliación. Para esta nota final terase en conta un traballo a realizar polo alumnado que versará sobre calquera tema relacionado cos contidos da materia correspondente ao curso. A nota final da materia constará dos seguintes parámetros:

- 70% (media dos exames escritos das tres avaliacións)
- 30% (suma da nota do traballo máis a media da participación en clase, interese...)

A nota do traballo asimismo:

- 60% o propio traballo entregado en calquera formato escrito.
- 40% a nota da presentación en clase do traballo diante dos compañeiros, en calquera formato de soporte audiovisual.

Requisitos do traballo:

- Orixinalidade (non plaxio nin copia/pega, se é así penalizarase), entre 5 e 10 carillas de extensión sen contar o índice, a portada e a bibliografía. Letra de tamaño non superior a 12 e interlineado 1,5.
- Debe ter como mínimo: portada, índice, introducción, o corpo do traballo distribuído en epígrafes segundo considere o autor/autora, conclusión e bibliografía (como mínimo 5 fontes das que polo menos dúas sexan libros publicados).
- Tema: calquera relacionado cos contidos da materia correspondente ao curso.

A proba final da materia estará destinada ao alumnado que non superou algunha ou todas as avaliacións trimestrais. Constará tanto de parte teórica como práctica e a puntuación das diferentes seccións será variable dependendo do deseño de cada proba en particular, debendo obter como mínimo unha cualificación igual ou superior a **5**.

Nesta proba, o alumno deberá demostrar dominar os contidos desta materia, os seus aspectos nocionais (periodización, principais épocas e escolas, e compositores estudados) e conceptuais (comprensión dos procesos que subxacen á evolución histórica); así como as habilidades procedimentais relacionadas co recoñecemento e clasificación das obras e a redacción de comentarios histórico-críticos sobre o repertorio.

2. Avaliación do funcionamento da programación



Durante o desenvolvemento das actividades da programación teremos en conta:

- ▣ O grado de conexión das actividades propostas coos intereses do alumnado.
- ▣ As dificultades de cada alumno e alumna na resolución de problemas.
- ▣ A adecuación dos recursos empregados, temporalización e metodoloxía.
- ▣ Compenetración da selección de contidos e da súa secuenciación.



¶ Isto permitirá realizar as modificacións convenientes durante o proceso de ensinanza, mellorando a calidade das actividades propostas en relación á resposta de aprendizaxe obtida.

9.1.4.CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

As ampliacións de matrícula teñen que ser solicitadas polo alumno na Secretaría do Centro no prazo establecido. Para que o alumno ou alumna poida ampliar a matrícula nesta materia debe de ter acadados na primeira semana de decembro a totalidade dos contidos da materia dos tres trimestres. Para iso deberá superar unha proba de similares características á da proba de acceso.

9.1.5 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN ORDINARIOS

No caso da ensinanza presencial os alumnos e alumnas disporán de probas escritas e orais de recuperación se non superan os criterios de avaliación marcados para cada trimestre. Cada alumno e alumna só poderá optar a unha proba de recuperación por trimestre. Se o alumno ou alumna suspende algunha das tres avaliacións, terá a posibilidade de superar a asignatura por medio dunha proba final que se fará a finais de maio ou principios de xuño.

Esta proba constará tanto de parte teórica como sobre todo práctica e a puntuación das diferentes seccións será variable dependendo do deseño de cada proba en particular, debendo obter como mínimo unha cualificación igual ou superior a **5**. Nesta proba, o alumno deberá demostrar dominar os contidos desta materia, os seus aspectos nocionais (periodización, principais épocas e escolas, e compositores estudados) e conceptuais (comprensión dos procesos que subxacen á evolución histórica), así como as habilidades procedimentais relacionadas co recoñecemento e clasificación das obras e aredacción de comentarios histórico-críticos sobre o repertorio.

No caso de que a docencia non sexa presencial, o alumno deberá entregar todos os traballos do curso e realizar unha proba que se avaliará tal e como se recolle nos procedementos de avaliación. Nesta proba, o alumno deberá demostrar dominar os



contidos desta materia, os seus aspectos nocionais (periodización, principais épocas e escolas, e compositores estudados) e conceptuais (comprensión dos procesos que subxacen á evolución histórica), así como as habilidades precedimentais relacionadas co recoñecemento e clasificación das obras e a redacción de comentarios histórico- críticos sobre o repertorio.

PROBAS EXTRAORDINARIAS DE XUÑO

No mes de xuño porase á disposición do alumnado a posibilidade de superar a materia realizando unha proba escrita ou oral sobre a totalidade dos contidos do programa.

Esta proba constará tanto de parte teórica como sobre todo práctica e a puntuación das diferentes seccións será variable dependendo do deseño de cada proba en particular, debendo obter como mínimo unha cualificación igual ou superior a **5**.

A estrutura da proba incluírá preguntas teóricas e comentarios de audición. Nela, o alumno deberá demostrar dominar os contidos desta materia, os seus aspectos nocionais (periodización, principais épocas e escolas, e compositores estudados), conceptuais (comprensión dos procesos que subxacen á evolución histórica), así como as habilidades precedimentais relacionadas co recoñecemento e clasificación das obras e a redacción de comentarios histórico-críticos sobre o repertorio.

Nalgún caso particular, se o profesor o considera oportuno, poderá recomendar ao alumno presentar un traballo escrito e impreso sobre algún dos aspectos contidos no programa da asignatura, co fin de subir a súa nota final, ou avaliárlle unicamente sobre algunha das partes do programa.



9.2. CURSO : 5º DE GRADO PROFESIONAL

9.2.1 OBXECTIVOS

Dacordo co disposto no Decreto do Grao Profesional, aprobado no Consello da Xunta de Galicia o día 27 de setembro de 2007, a asignatura de Historia da Música no Grao Profesional ha ter como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- ▣ Adquirir o hábito de escoitar música, tanto en soportes gravados como a través da asistencia aos acontecementos musicais presentes no seu entorno, interesándose por ampliar e diversificar as súas preferencias persoais.
- ▣ Captar, a través da audición, as características das correntes estéticas, co fin de situar as obras musicais no tempo e recoñecer o seu estilo.
- ▣ Coñecer e comprender a música de cada época, tendo en conta as relacións cos conceptos estéticos imperantes da cada unha, para poder aplicar as convencións interpretativas ao seu repertorio e desenvolver o seu sentido crítico.
- ▣ Valorar a importancia da música nas sociedades humanas, a través do coñecemento das relacións establecidas ao longo da historia entre a música e o resto das artes, así como dos feitos históricos e os movementos socioculturais máis salientábeis de cada época, con vistas a obter unha visión máis global do fenómeno musical.
- ▣ Reflexionar sobre o fenómeno sonoro como un aspecto máis da conduta humana, íntimamente conectado co proceso histórico en que se encadra en todos os seus aspectos: económicos, sociais e culturais.
- ▣ Respetar e valorar o noso patrimonio musical.
- ▣ Participar na actualidade musical.

9.2.2 CONTIDOS

CONTIDOS XERAIS

- ▣ A música como feito social e cultural.
- ▣ Introducción ás fontes de información histórica e a súa utilización (recursos bibliográficos, fontes escritas, iconográficas, sonoras, etc.).



- ▣ A música na cultura occidental: formas e xéneros musicais, períodos, estilos, compositores, instrumentos, etc.
- ▣ Situación da obra musical no seu contexto social, económico, ideolóxico, histórico e artístico.
- ▣ A evolución da notación.
- ▣ Aproximación á organoloxía e á evolución dos instrumentos como condicionantes das posibilidades técnico-interpretativas e da propia composición do repertorio.
- ▣ Aproximación crítica á periodización da Historia da Música.
- ▣ Planificación e realización de traballos prácticos de aproximación histórica e análise.
- ▣ Comentario de texto literario-musical. Audicións analíticas, con ou sen partitura asociada.
- ▣ Análise iconográfica.
- ▣ Interés por ampliar e diversificar os gustos musicais.
- ▣ Actitude aberta e respectuosa ante os gustos e as opinións dos outros.
- ▣ Emprego dunha terminoloxía técnica e dun vocabulario xeral apropiados.

CONTIDOS ESPECÍFICOS

1. Música vocal do Barroco tardío

2. Música instrumental do Barroco tardío

3. O século XVIII: o estilo galante e o Clasicismo:

A ilustración. A música instrumental: a sonata, a sinfonía e o concerto. Ópera, canción e música relixiosa.

O Clasicismo vienés: Haydn, Mozart e Beethoven.

4. O século XIX: Romanticismo. Música vocal:

Características da música romántica. O lied. Música coral.



8. O século XIX: Romanticismo. Música instrumental:

Música para piano. Música de cámara. Música para orquesta.

9. O século XIX: ópera e drama musical:

Francia. Italia. Verdi. A ópera romántica alemana. Wagner.

10. O fin dunha era:

Post-romanticismo. O nacionalismo. Novas correntes en Francia. A ópera italiana.

11. O século XX ata a I Guerra Mundial:

Introducción. A revolución atonal: Schönberg, Webern, Berg. Novas tonalidades: Bartok, Stravinsky. Outras correntes en Europa e EE.UU.

12. O século XX dende a I Guerra Mundial ata 1950:

Neoclasicismo e novo espírito en Francia. Satie e “Les six”; Bartok, Stravinsky. O sistema dodecafónico: Schönberg, Webern, Berg. A influencia da política: Alemaña, Rusia. Outros compositores en Europa, EE.UU. e América Latina.

13. O século XX dende a II Guerra Mundial ata o presente:

Serialismo integral: Messiaen, Boulez, Stockhausen. Indeterminación: Cage. O novo pluralismo: citas e collages. Jazz, rock e influencias populares. Minimalismo. Desenvolvemento da tecnoloxía musical: música concreta e electroacústica.

SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

A continuación aparece desglosada a secuenciación das unidades didácticas ao longo do curso.

PRIMEIRO TRIMESTRE

Música vocal do Barroco tardío

Música instrumental do Barroco tardío

SEGUNDO TRIMESTRE



O século XVIII: o estilo galante e o Clasicismo

O século XIX: Romanticismo. Música vocal

O século XIX: Romanticismo. Música instrumental

TERCEIRO TRIMESTRE

O século XIX: ópera e drama musical

O fin dunha era

O século XX ata a I Guerra Mundial

O século XX dende a I Guerra Mundial ata 1950

O século XX dende a II Guerra Mundial ata o presente

9.2.3 AVALIACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR TRIMESTRES

A avaliación do proceso de aprendizaxe será continua; non obstante, ao cabo de cada trimestre realizarase ao menos unha proba – oral ou escrita – na que se poida avaliar obxectivamente o resultado final do proceso.

Esta proba constará tanto de parte teórica como sobre todo práctica e a puntuación das diferentes seccións será variable dependendo do deseño de cada proba en particular, debendo obter como mínimo unha cualificación igual ou superior a **5**.

Nesta proba, o alumno deberá demostrar domina-los contidos desta materia, os seus aspectos nocionais (periodización, principais épocas e escolas, e compositores estudados) e conceptuais (comprensión dos procesos que subxacen á evolución histórica), así como as habilidades precedimentais relacionadas co recoñecemento e clasificación das obras e a redacción de comentarios histórico-críticos sobre o repertorio.

Os criterios de avaliación para cada un dos trimestres serán os seguintes:



1) Identificar a través da audición de obras do Barroco tardío súas características máis salientábeis. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar o carácter, o xénero, a estrutura formal e os trazos estilísticos máis importantes das obras escoitadas.

2) Ser capaz de comentar exemplos iconográficos representativos do Barroco tadío con referencias musicais. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para establecer conclusións de tipo sociolóxico ante fontes de signo visual.

3) Estar capacitado para realizar comentarios de texto relativos á materia, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo. Este criterio avalía a capacidade dos alumnos e alumnas para captar e describir as ideas plasmadas polo autor, e de relacionalas coas correntes estilísticas dunha época concreta.

4) Poder relacionar a historia da música con outros aspectos da cultura e do pensamento. Este criterio avalía a evolución do pensamento crítico do alumnado, no referente á súa capacidade de valoración das etapas da historia da música, no global, ou de determinados autores e obras, no particular, dentro de contexto social e cultural en que se produciron.

5) Ter autonomía para poder realizar traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñíbeis de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas. Este criterio valorará en qué medida o alumnado é quen de de propor e realizar en termos aceptábeis, un traballo individual ou en grupo, que obrigue a manexar as fontes sonoras ou escritas, considerando como como máis importante o rigor e a aplicación das técnicas de investigación aprendidas máis que a relevancia ou oportunidade da temática.

Segundo trimestre

1) Identificar a través da audición obras do Clasicismo e o Romanticismo para identificar as seus rasgos máis salientabéis. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar o carácter, o xénero, a estrutura formal e os trazos estilísticos máis importantes das obras escoitadas.



2) Ser capaz de comentar exemplos iconográficos representativos desta época. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para establecer conclusións de tipo sociolóxico ante fontes de signo visual.

3) Estar capacitado para realizar comentarios de texto relativos á materia, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo. Este criterio avalía a capacidade dos alumnos e alumnas para captar e describir as ideas plasmadas polo autor, e de relacionalas coas correntes estilísticas dunha época concreta.

4) Poder relacionar a historia da música con outros aspectos da cultura e do pensamento desta época. Este criterio avalía a evolución do pensamento crítico do alumnado, no referente á súa capacidade de valoración das etapas da historia da música, no global, ou de determinados autores e obras, no particular, dentro de contexto social e cultural en que se produciron.

5) Ter autonomía para poder realizar traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñíbeis de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas. Este criterio valorará en qué medida o alumnado é quen de propor e realizar en termos aceptábeis, un traballo individual ou en grupo, que obrigue a manexar as fontes sonoras ou escritas, considerando como máis importante o rigor e a aplicación das técnicas de investigación aprendidas máis que a relevancia ou oportunidade da temática.

Terceiro trimestre

1) Identificar a través da audición obras de finais do Romanticismo e da época do século XX para identificar as seus rasgos máis salientabéis. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar o carácter, o xénero, a estrutura formal e os trazos estilísticos máis importantes das obras escoitadas.

2) Ser capaz de comentar exemplos iconográficos representativos da época con referencias musicais. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para establecer conclusións de tipo sociolóxico ante fontes de signo visual.



3) Estar capacitado para realizar comentarios de texto relativos á materia que abrangue desta época, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo. Este criterio avalía a capacidade dos alumnos e alumnas para captar e describir as ideas plasmadas polo autor, e de relacionalas coas correntes estilísticas dunha época concreta.

4) Poder relacionar a historia da música con outros aspectos da cultura e do pensamento desta época. Este criterio avalía a evolución do pensamento crítico do alumnado, no referente á súa capacidade de valoración das etapas da historia da música, no global, ou de determinados autores e obras, no particular, dentro de contexto social e cultural en que se produciron.

5) Ter autonomía para poder realizar traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñíbeis de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas. Este criterio valorará en qué medida o alumnado é quen de de propor e realizar en termos aceptábeis, un traballo individual ou en grupo, que obrigue a manexar as fontes sonoras ou escritas, considerando como máis importante o rigor e a aplicación das técnicas de investigación aprendidas máis que a relevancia ou oportunidade da temática.

MÍNIMOS ESIXIBLES

Realizar unha proba escrita e/ou oral sobre os contidos do 5º curso de Historia da Música, tal e como se contempla nos procedementos de avaliación, da presente programación, debendo obter como mínimo unha cualificación igual ou superior a **5** cos seguintes mínimos:

- ▮ Coñecemento de, polo menos, tres características en relación ao contexto histórico no que se producen as diferentes obras musicais.
- ▮ Ubicación e coñecemento dos compositores máis relevantes en relación ao seu período histórico correspondente.
- ▮ Identificación, a partir da audición, de como mínimo dúas características musicais e dúas características formais sinalando o período histórico ao que pertence a obra musical.
- ▮ Análise de tres parámetros musicais de cada unha das obras estudadas amosando o coñecemento do vocabulario musical específico.



PROCEDIMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

Dentro dos procedementos de avaliación haberá dous tipos igualmente importantes: a avaliación do alumnado e a avaliación do funcionamento da programación.

1. Avaliación do alumnado

1.1 Avaliación inicial

- Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020.
- Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.
- Tamén trataremos de detectar o grao de interese previo dos alumnos á materia, así como o grao de coñecemento da materia por cada alumno.
- Independentemente de que as clases comecen de xeito presencial, estableceremos tamén contacto telemático, co fin de avaliar as posibles dificultades no caso dalgún alumno en particular, e como forma de activar a comunicación a través doutras canles no caso de que sexa necesario cambiar a outros formatos de actividade lectiva.

1.2. Avaliación formativa

- ▣ Avaliaremos oralmente o proceso de aprendizaxe do alumnado para detectar os seus progresos e dificultades, podendo realizar unha atención individualizada en casos concretos.
- ▣ Realizaremos observacións sistemáticas a diario, para valorar a evolución do proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- ▣ Realizaremos exercicios e actividades na aula, que permitan ao alumnado ir afianzando os contenidos conceptuais e procedimentais (comentarios de texto, de partituras e de audicións).

1.3. Avaliación final



A asistencia ás clases presenciais é obrigatoria, e a nota final do alumno ou alumna vai a depender de diversos parámetros:

- Probas escritas ou orais trimestrales, coas súas respectivas recuperacións despois da avaliación. Sempre constarán tanto de parte teórica como sobre todo práctica e a puntuación das diferentes seccións será variable dependendo do deseño de cada proba en particular, podéndose informar o alumno interesado en coñecer en detalle a súa cuantificación, debendo obter como mínimo unha cualificación igual ou superior a **5** (60% na puntuación global)
- Exercicios escritos e orais realizados na clase o na casa de forma puntual para fixar contidos teóricos e prácticos: comentarios de textos, imaxes, partituras, audicións, cuestionarios sobre lecturas específicas, etc. (30%).
- Amosar uns adecuados hábitos de traballo nas sesións presenciais (10%): participación nas sesións, colaboración co grupo na realización dos proxectos de aula, respecto das normas de funcionamento da aula.
- A nota final da materia será o resultado da media obtida das cualificacións de cada un dos trimestres, sendo indispensable ter unha nota mínima de 5 en cada avaliación. Para esta nota final terase en conta un traballo a realizar polo alumnado que versará sobre calquera tema relacionado cos contidos da materia correspondente ao curso. A nota final da materia constará dos seguintes parámetros:
 - 70% (media dos exames escritos das tres avaliacións)
 - 30% (suma da nota do traballo máis a media da participación en clase, interese...)A nota do traballo constará de:
 - 60% o propio traballo entregado en calquera formato escrito.
 - 40% a nota da presentación en clase do traballo diante dos compañeiros, en calquera formato de soporte audiovisual.

Requisitos do traballo:

- Orixinalidade (non plaxio nin copia/pega, se é así penalizarase), entre 5 e 10 carillas de extensión sen contar o índice, a portada e a bibliografía. Letra de tamaño non superior a 12 e interlineado 1,5.
- Debe ter como mínimo: portada, índice, introducción, o corpo do traballo distribuído en epígrafes segundo considere o autor/autora, conclusión e bibliografía (como mínimo 5 fontes das que polo menos dúas sexan libros



- Tema: calquera relacionado cos contidos da materia correspondente ao curso

2. Avaliación do funcionamento da programación

Durante o desenvolvemento das actividades da programación teremos en conta:

- ▣ O grado de conexión das actividades propostas coos intereses do alumnado.
- ▣ As dificultades de cada alumno e alumna na resolución de problemas.
- ▣ A adecuación dos recursos empregados, temporalización e metodoloxía.
- ▣ Compenetración da selección de contidos e da súa secuenciación.



- ▮ Esto permitirá realizar as modificacións convenientes durante o proceso de ensinanza, mellorando a calidade das actividades propostas en relación á resposta de aparelizaxe obtida.

9.2.4. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

As ampliacións de matrícula teñen que ser solicitadas polo alumno na Secretaría do Centro no prazo establecido. Para que o alumno ou alumna poida ampliar a matrícula nesta materia debe de ter acadados na primeira semana de decembro a totalidade dos contidos da materia dos tres trimestres. Para iso deberá superar unha proba de similares características á da proba de acceso.

9.2.5 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN ORDINARIOS

Os alumnos e alumnas do ensino presencial disporán de probas escritas e orais de recuperación se non superan os criterios de avaliación marcados para cada trimestre. Cada alumno e alumna poderá optar a unha proba de recuperación por trimestre. Se o alumno ou alumna suspende algunha das tres avaliacións, terá a posibilidade de superar a asignatura por medio dunha proba final que se fará a finais de maio ou principios de xuño.

Ditas probas constarán tanto de parte teórica como práctica e a puntuación das diferentes seccións será variable dependendo do deseño de cada proba en particular, debendo obter como mínimo unha cualificación igual ou superior a **5**.

Nesta proba, o alumno deberá demostrar dominar los contidos desta materia, os seus aspectos nocionais (periodización, principais épocas e escolas, e compositores estudados) e conceptuais (comprensión dos procesos que subxacen á evolución histórica), así como as habilidades precedimentais relacionadas co recoñecemento e clasificación das obras e a redacción de comentarios histórico-críticos sobre o repertorio.



No caso de que a docencia non sexa presencial, o alumno deberá entregar todos os traballos do curso e realizar unha proba que se avaliará tal e como se recolle nos procedementos de avaliación. Nesta proba, o alumno deberá demostrar dominar os contidos desta materia, os seus aspectos nocionais (periodización, principais épocas e escolas, e compositores estudados) e conceptuais (comprensión dos procesos que subxacen á evolución histórica), así como as habilidades procedimentais relacionadas co recoñecemento e clasificación das obras e a redacción de comentarios histórico-críticos sobre o repertorio.

PROBAS EXTRAORDINARIAS DE XUÑO

No mes de xuño porase á disposición do alumnado a posibilidade de superar a materia realizando unha proba escrita ou oral sobre a totalidade dos contidos.

A proba sempre constará tanto de parte teórica como práctica e a puntuación das diferentes seccións será variable dependendo do deseño de cada proba en particular. A estrutura da proba incluírá preguntas teóricas e comentarios de audición, debéndose obter como mínimo unha cualificación igual ou superior a **5**.

Nesta proba, o alumno deberá demostrar dominar os contidos desta materia, os seus aspectos nocionais (periodización, principais épocas e escolas, e compositores estudados) e conceptuais (comprensión dos procesos que subxacen á evolución histórica), así como as habilidades procedimentais relacionadas co recoñecemento e clasificación das obras e a redacción de comentarios histórico-críticos sobre o repertorio.



Nalgún caso particular se o profesor o considera oportuno poderá recomendar ao alumno presentar un traballo escrito e impreso sobre algún dos aspectos contidos no programa da asignatura, co fin de subir a súa nota final, ou avaliárlle unicamente sobre algunha das partes do programa.

12. MATRÍCULA DE HONRA

Tal e como dispónse a orde do 10 de marzo de 2009, as matrículas de honra concederáse ao alumno que acade a calificación de 9 e que sexa proposto polo departamento didáctico por instancia do profesor da materia ante a Comisión de Coordinación Pedagóxica, órgano competente para a concesión de dita calificación.

13. PROBAS DE ACCESO

PROBA DE ACCESO A 5º CURSO DE GRADO PROFESIONAL (L.O.E.)

O alumnado que queira acceder a 5º de Grao Profesional deberá realizar unha proba escrita sobre a totalidade dos contidos sinalados para 4º, cuxa data será estipulada polo profesor da materia. Nesta proba débese obter como mínimo unha cualificación igual ou superior a **5**.

En dita proba, o alumno deberá demostrar dominar os contidos desta materia, os seus aspectos nocionais (periodización, principais épocas e escolas, e compositores estudados) e conceptuais (comprensión dos procesos que subxacen á evolución histórica), así como as habilidades precedimentais relacionadas co recoñecemento e clasificación das obras e a redacción de comentarios histórico-críticos sobre o repertorio.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- ▮ Identificar a través da audición de obras as súas características máis salientábeis. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar o carácter, o xénero, a estrutura formal e os trazos estilísticos máis importantes das obras escoitadas.
- ▮ Ser capaz de comentar exemplos iconográficos representativos dende a Antigüidade ata o Barroco medio con referencias musicais. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para establecer conclusións de tipo sociolóxico ante fontes de signo visual.



- ▮ Estar capacitado para realizar comentarios de texto relativos á materia que abrangue dende a Antigüidade ata o Barroco medio inclusive, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo. Este criterio avalía a capacidade dos alumnos e alumnas para captar e describir as ideas plasmadas polo autor, e de relacionalas coas correntes estilísticas dunha época concreta.
- ▮ Poder relacionar a historia da música con outros aspectos da cultura e do pensamento dende a Antigüidade ata o Barroco medio inclusive. Este criterio avalía a evolución do pensamento crítico do alumnado, no referente á súa capacidade de valoración das etapas da historia da música, no global, ou de determinados autores e obras, no particular, dentro de contexto social e cultural en que se produciron.
- ▮ Ter autonomía para poder realizar traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñíbeis de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas. Este criterio valorará en qué medida o alumnado é quen de de propor e realizar en termos aceptábeis, un traballo individual ou en grupo, que obrigue a manexar as fontes sonoras ou escritas, considerando como como máis importante o rigor e a aplicación das técnicas de investigación aprendidas máis que a relevancia ou oportunidade da temática.

PROBA DE ACCESO A 6º CURSO DE GRADO PROFESIONAL (L.O.E.)

Aqueles alumnos e alumnas que desexen presentarse á Proba de Acceso directo a 6º Curso de Grao Profesional deberán realizar unha proba na que poidan demostrar os seus coñecementos dos contidos, non so de 4º senón tamén de 5º curso. Os contidos dos Cursos 4º e 5º xa están especificados nesta programación no lugar correspondente.

Nesta proba débese obter como mínimo unha cualificación igual ou superior a 5. Optativamente o alumno ou alumna poderá presentar un traballo escrito e impreso sobre algún dos aspectos contidos no programa da materia, co fin de subir a súa nota final, sempre e cando se atope como mínimo a tres décimas da seguinte cualificación.

En dita proba, o alumno deberá demostrar dominar os contidos desta materia, os seus aspectos nocionais (periodización, principais épocas e escolas, e compositores estudados) e conceptuais (comprensión dos procesos que subxacen á evolución histórica), así como as habilidades precedimentais relacionadas co recoñecemento e clasificación das obras e a redacción de comentarios histórico-críticos sobre o repertorio.



- ▮ Identificar a través da audición de obras as súas características máis salientábeis. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar o carácter, o xénero, a estrutura formal e os trazos estilísticos máis importantes das obras escoitadas.
- ▮ Ser capaz de comentar exemplos iconográficos representativos dende a Antigüidade ata hoxe con referencias musicais. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para establecer conclusións de tipo sociolóxico ante fontes de signo visual.
- ▮ Estar capacitado para realizar comentarios de texto relativos á materia que abrangue dende a Antigüidade ata noxe, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo. Este criterio avalía a capacidade dos alumnos e alumnas para captar e describir as ideas plasmadas polo autor, e de relacionalas coas correntes estilísticas dunha época concreta.
- ▮ Poder relacionar a historia da música con outros aspectos da cultura e do pensamento dende a Antigüidade ata hoxe. Este criterio avalía a evolución do pensamento crítico do alumnado, no referente á súa capacidade de valoración das etapas da historia da música, no global, ou de determinados autores e obras, no particular, dentro de contexto social e cultural en que se produciron.
- ▮ Ter autonomía para poder realizar traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñíbeis de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas. Este criterio valorará en qué medida o alumnado é quen de de propor e realizar en termos aceptábeis, un traballo individual ou en grupo, que obrigue a manexar as fontes sonoras ou escritas, considerando como como máis importante o rigor e a aplicación das técnicas de investigación aprendidas máis que a relevancia ou oportunidade da temática.